

## **CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A SOCIEDADE PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A. PARA A CELEBRACIÓN DO PROGRAMA DE ACELERACIÓN DA COMERCIALIZACIÓN DE SOLUCIÓNS INNOVADORAS PARA A LOITA CONTRA IMPACTO DA COVID-19**

En Santiago de Compostela, a 25 de xuño de 2020

### **R E U N I D O S**

Dunha parte, D. Francisco José Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo DECRETO 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG nº127, do 14 de novembro), actuando no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 do febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e polo DECRETO 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; e presidente da Axencia Galega de Innovación (en adiante, “GAIN”), en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que crea a Axencia Galega de Innovación e apróbanse os seus estatutos.

E doutra parte, D<sup>ª</sup>. Patricia Argerey Vilar, con DNI \_\_\_\_\_, quen actúa en nome e representación da entidade Parque Tecnológico de Galicia S.A. na súa calidade de vicepresidenta e conselleira delegada, en virtude dos poderes outorgados polo consello de administración de data 22 de xaneiro de 2013, elevados a publico ante o notario de Ourense D. Daniel Balboa Fernández segundo a escritura notarial de data 5 de marzo de 2013 e número 368 do seu protocolo, polo que se delega no conselleiro delegado, para o seu exercicio, tódalas facultades propias do Consello de Administración, a excepción feita das indelegables.

## EXPOÑEN

### PRIMEIRO.-

Que a Axencia Galega de Innovación (en adiante, GAIN) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

GAIN está adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Que os estatutos da Axencia Galega de Innovación atribúen á mesma, entre outras funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia; a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación e Innovación, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

### SEGUNDO.-

Que o Parque Tecnológico de Galicia S.A. (en diante PTG, S.A.) é a entidade responsable de xestionar un conxunto de infraestruturas, espazos, recursos, capacidades e servizos destinados a empresas, emprendedores e proxectos que utilizan como ferramentas de crecemento a innovación e o coñecemento. Ademais PTG, S.A. mantén vínculos activos de colaboración con Universidades, Centros de Investigación e Empresas co obxectivo de fomentar as actividades de I+D+i e o desenvolvemento e a competitividade empresarial.

Neste sentido, PTG, S.A. achega unha dilatada experiencia dende a súa constitución no ano 1991, para desenvolver actividades que contribúan á promoción económica e ao desenvolvemento tecnolóxico de Galicia. O seu obxecto social contempla o papel como axente dinamizador da I+D+i en toda Galicia e concretamente atribúenselle estas capacidades:

- Prestar á Xunta de Galicia e aos organismos ou entidades dependentes, a colaboración e asistencia técnica necesaria para levar a cabo as medidas contidas no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento ou calquera outro plan
- Fomentar a creación de empresas, o crecemento e a internacionalización, así como difundir o papel do Parque como axente de enlace entre investigación e empresa.
- A prestación de servizos e a realización de actividades que contribúan á promoción económica, á innovación, ao desenvolvemento tecnolóxico e á creación de emprego en Galicia.

A entidade mercantil “PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A.”, órgano de xestión da Tecnópole, foi orixinariamente constituída baixo a denominación de “PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA - OURENSE S.A.” en escritura outorgada en Ourense, ante o Notario que foi desa cidade D. Álvaro Moure Goyanes, o 11 de decembro de 1991, baixo o número 1.618 de protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de Ourense, tomo 185, folio 169, folla OR-1207. A súa primeira denominación foi modificada pola de PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A. en escritura autorizada polo Notario que foi de Ourense D. José Cora Guerreiro, o 10 de xuño de 1993. A denominación actual de PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A. foi modificada a través de escritura pública de data do 9 de xullo de 2012.

A participación da Xunta de Galicia na sociedade foi autorizada polo Consello da Xunta de Galicia na reunión do 18 de xullo de 1991 na cantidade de 147.248 euros, non podendo ser a devandita participación inferior ao 10% nin superior ao 50% do capital social fundacional.

A configuración do capital social inicialmente subscrito polos diferentes accionistas foi obxecto de varias modificacións. Así, a través das escrituras de compravenda de accións do 20 de febreiro de 2003 e do 10 de maio de 2004, a Xunta de Galicia transmitiu parte das súas accións á Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela S.L.L. (UNIXEST) e á Universidade da Coruña.

No ano 2008 levouse a cabo unha ampliación de capital, emitíndose 2.200 accións cun importe nominal de 601,01 €/acción e unha prima de emisión de 198,99 €/acción. O acordo desta ampliación elevouse a público mediante escritura outorgada en Ourense o 9 de febreiro de 2009 ante o notario Fernando Martínez-Gil Fluxá baixo o número 246 do seu protocolo. En virtude desta ampliación, a Xunta de Galicia subscribiu 990 accións mantendo así a súa participación.

No ano 2015 levouse a cabo a última ampliación de capital, emitíndose 675 accións cun importe nominal de 601,01 €/acción e unha prima de emisión de 238,99 €/acción admitindo a subscrición incompleta de accións. O acordo desta ampliación elevouse a pública mediante escritura outorgada en Santiago de Compostela o 9 de marzo de 2016 ante o notario Manuel Remuñán López baixo o número 411 do seu protocolo. En virtude desta ampliación, á que acudiron unicamente a Xunta de Galicia e a Confederación Empresarial de Ourense, a Xunta de Galicia subscribiu 303 accións pasando a ter unha representación do 50,52% do capital social.

A composición actual do accionariado do Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., é a seguinte:

| Entidade                                          | Nº accións | Importe (€) | % Participación |
|---------------------------------------------------|------------|-------------|-----------------|
| Xunta de Galicia                                  | 1518       | 912.333,18  | 50,52           |
| Abanca Corporación Bancaria S.A.                  | 1122       | 674.333,22  | 37,34           |
| INORDE                                            | 105        | 63.106,05   | 3,49            |
| Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense | 50         | 30.050,50   | 1,66            |
| Concello Ourense                                  | 50         | 30.050,50   | 1,66            |
| Concello San Cibrao                               | 20         | 12.020,20   | 0,74            |

|                                      |      |              |        |
|--------------------------------------|------|--------------|--------|
| Confederación Empresarial de Ourense | 12   | 7.212,12     | 0,40   |
| Unión General de Trabajadores        | 10   | 6.010,10     | 0,33   |
| Universidade de Vigo                 | 54   | 32.454,54    | 1,80   |
| UNIXEST (USC)                        | 54   | 32.454,54    | 1,80   |
| Universidade da Coruña               | 10   | 6.010,10     | 0,33   |
| Total                                | 3005 | 1.806.035,05 | 100,00 |

A Sociedade está rexida e administrada por unha xunta xeral de accionistas e polo consello de administración, no que a representación da Xunta de Galicia é maioritaria.

### TERCEIRO.-

A Estratexia de Especialización Intelixente, RIS3, marca claramente a folla de ruta das prioridades que Galicia debe coidar para crecer e renovarse, competir no exterior e ser máis eficiente. Co obxectivo: A consecución dun maior desenvolvemento económico e social e a eficiencia nun novo contexto e tamén nun novo escenario da Política de Cohesión Comunitaria para o período 2014-2020.

A Estratexia Galega de Impulso á Biotecnoloxía 2016-2020, liderada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, coa implicación transversal de cinco consellerías máis: Consellería de Sanidade, Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do Mar e do Medio Rural e a participación de máis de 50 axentes entre empresas, organismos e centros de investigación e universidades, define unha serie de subsectores prioritarios entre os que se atopan: a alimentación funcional e o envellecemento activo, os novos produtos e procesos para o sector lácteo, as novas tecnoloxías para o medicamento personalizado, a eficiencia na sanidade animal e derivados e a *open innovation* para o descubrimento de fármacos, aos que se aúna como subsector transversal o das tecnoloxías facilitadoras: *tics* e bioinformática, química biolóxica, xenética, bioenxeñería e tecnoloxías ambientais.

Ademais, define como un dos seus tres eixes estratéxicos o Eixo 2. Fortalecemento e consolidación empresarial, Programa de Actuación B1. Capacitación e Competitividade Innovadora.

#### CUARTO .-

Que PTG, S.A., sendo coñecedora de primeira man da necesidade de apoiar ás empresas innovadoras con alto potencial de crecemento no seu desenvolvemento, favorecendo a internacionalización, o networking e o acceso a financiamento das mesmas, puxo en marcha en 2015 co apoio de GAIN o primeiro programa do Centro de Excelencia para o Impulso do Crecemento Sustentable da Peme Innovadora Galega que se coñecería como Programa Agrobiotech Innovación. O Programa Agrobiotech Innovación ten o obxectivo de, a través de accións de aceleración global outorgar ás pemes participantes a mellora nas súas capacidades para:

- Mellorar a xestión empresarial e os modelos organizativos;
- Ampliar a comercialización de produtos ou servizos innovadores;
- Desenvolver novos produtos ou servizos con socios nacionais e internacionais nun marco de innovación aberta;
- Incrementar a capacidade de captación de financiamento privado e público europeo en H2020.

Debido ao óptimo desenvolvemento do Programa Agrobiotech Innovación en 2015 celebráronse dúas edicións adicionais nos anos 2017 e 2019 cunha participación de 32 empresas innovadoras galegas o que consolida a experiencia de PTG, S.A en programas de aceleración dirixidos a empresas en diferentes ámbitos de especialización.

Coas tres edicións do Programa Agrobiotech Innovación, se xeraron dinámicas de apoio aos equipos directivos das empresas para que desde a valorización do coñecemento, desde a innovación, desde a internacionalización e o reforzamento das súas capacidades financeiras e de management, puideran emprender sendas de crecemento sustentable, o que lles levou a obter resultados tanxibles e cuantificables.

Dende o ano 2015 PTG, S.A. desenvolveu dinámicas de traballo que unidas aos recursos existentes en Tecnópolis, permitiron optimizar o financiamento asignado, conseguindo en cada edición manter ou incluso incrementar resultados e beneficiarios con dotacións orzamentarias decrecentes.

#### **QUINTO.-**

Que dende a Xunta de Galicia, no contexto da emerxencia sanitaria actual provocada pola pandemia da COVID-19, quérese dar respostas a través da investigación, o desenvolvemento e a innovación.

A Administración autonómica traballa co principal obxectivo de garantir a saúde dos galegos e galegas, ao tempo que se desenvolven os apoios precisos para que o tecido empresarial poida facer fronte o mellor posible á situación actual causada pola Covid 19.

Tratando de identificar as capacidades do sistema galego de innovación no eido do Coronavirus, buscando solucións innovadoras para desenvolver de xeito inmediato ou que estean próximas á súa implementación. A través da Axencia Galega de Innovación (GAIN) poranse a disposición do tecido empresarial galego os apoios necesarios para facer fronte ao Coronavirus.

#### **SEXTO.-**

Que partindo do valor engadido que implica a experiencia previa adquirida coa que conta o PTG S.A. derivada da posta en marcha dos programas de aceleración anteriormente indicados, así como dos satisfactorios resultados obtidos das ditas iniciativas, o PTG S.A. está interesado en desenvolver un programa de aceleración especializado e dirixido especificamente ás necesidades actuais, programa de aceleración da comercialización de solucións innovadoras para a loita contra o impacto da covid-19 (en diante, P.A.C.S.I.C.) , cuxo obxectivo será o impulso e fortalecemento do acceso ao mercado de solucións innovadoras do tecido empresarial galego coa finalidade de contribuír a reducir o impacto social e económico provocado pola enfermidade COVID-19.

O devandito programa prevé unha aceleradora especializada en xerar solucións adaptadas ao caso concreto da emerxencia sanitaria, complementada cunha aceleradora de comercialización que permita a implementación inmediata das solucións. Deste xeito lograse acadar como obxectivo inmediato unha solución global e integradora que permita a súa vez conseguir como finalidade última perseguida, o fortalecemento da comercialización das ditas solucións no menor tempo posible.

Coa implantación das diferentes actividades contidas no programa vaise acadar o obxectivo que dende a Administración espérase desta nova iniciativa para aproveitar a oportunidade e desenvolver así os apoios precisos para que o tecido empresarial poida facer fronte o mellor posible á situación actual causada pola Covid 19.

O citado Programa P.A.C.S.I.C. detállase no plan de actividades que se incorpora ao presente convenio como anexo I.

#### **SÉTIMO.-**

Que o plan de actividades incluído no desenvolvemento do programa de aceleración proposto polo PTG S.A. configúrase como axeitado para contribuír a acadar o concreto interese da Xunta de Galicia neste eido e como medida idónea para complementar as actuacións que GAIN está implementando en relación co Covid-19 en desenvolvemento das competencias que lle corresponden en materia de fomento da investigación.

#### **OITAVO.-**

A Asociación de Parques Tecnolóxicos de España (APTE) recoñece o valor dos Parques como ecosistemas de innovación, promotores de iniciativas de transferencia de tecnoloxía grazas á convivencia de empresas, universidades e centros tecnolóxicos que os converten nunha contorna ideal para impulsar estratexias rexionais.



Estes ecosistemas non se ven reproducidos en ningún outro organismo do sistema nacional de innovación, polo seu carácter transversal non sectorial, no que se constrúen relacións efectivas entre empresas, universidades e centros de investigación que comparten a contorna, favorecendo a transferencia de coñecemento e tecnoloxías á industria e reforzando conexións con empresas tractoras. Neste sentido PTG, S.A. é o promotor adecuado para calquera iniciativa de aceleración empresarial na que a innovación sexa relevante.

Adicionalmente PTG, S.A. ten un percorrido de máis de 25 anos de experiencia impulsando actividades industriais avanzadas, a través da súa involucración en proxectos de incubación e aceleración de empresas, asesorando en materia de I+D+i e facilitando o acceso a financiamento de proxectos innovadores, todo iso en consonancia con estratexias rexionais como a RIS3. Esta experiencia e versatilidade garante a calidade na xestión e éxito operativo do programa.

PTG, S.A. é o único parque científico-tecnolóxico de Galicia, representando o espazo físico de encontro entre o sistema público de I+D+i e o tecido privado, ten experiencia demostrada no desenvolvemento de programas de aceleración para empresas e conta cos profesionais e colaboradores necesarios para levar a cabo as actuacións obxecto desde convenio.

#### **NOVENO.-**

Á vista da experiencia e coñecemento de PTG, S.A. exposta, considérase que non hai outra entidade en Galicia que permita garantir o éxito de execución e de cumprimento de prazos que o obxecto do programa de aceleración P.A.C.S.I.C. esixe.

#### **DÉCIMO.-**

Que GAIN considera de interese público o aproveitamento dos coñecementos e da experiencia da Tecnópolis para aunar as sinerxías de ambas as dúas partes e apoiar ás empresas innovadoras, de xeito

que se permita dar resposta a través da investigación, o desenvolvemento e a innovación á actual situación de emerxencia sanitaria provocada pola pandemia da COVID-19

Á vista do anteriormente exposto resulta de interese para ambas as dúas partes a realización das actividades en prol da obtención dunha efectiva mellora da situación de emerxencia sanitaria derivada da pandemia.

Con estes fins as partes subscriben o presente convenio con arranxo ás seguintes,

## C L A Ú S U L A S

### **PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións a realizar**

O presente convenio ten como obxecto determinar as bases da colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. para a celebración do programa de aceleración de comercialización de solucións de empresas fronte á COVID-19.

Trátase dunha iniciativa de aceleración para identificar as capacidades do sistema galego de innovación, buscando solucións innovadoras próximas á súa implementación ao mercado que poidan ter un impacto na loita contra a COVID-19 e impulsar o seu desenvolvemento e comercialización.

- É unha aceleradora ESPECIALIZADA en solucións fronte a COVID-19. Co obxectivo de aproveitar a oportunidade de mercado e de dar resposta á demanda social e industrial asociada, posicionando o tecido empresarial galego como referente a nivel global.
- É unha aceleradora de COMERCIALIZACIÓN. Estas solucións teñen que ter un carácter de implantación inmediata no mercado, posto que o que se pretende conseguir é o fortalecemento da comercialización no mercado no menor tempo posible.

Coa participación no Programa, aspírase a que, no prazo de **5 meses** as empresas beneficiarias:

- **Avancen na senda da innovación** aumentando notablemente o seu potencial innovador, reflectido na dependencia das súas vendas dos produtos introducidos no mercado referentes a loita fronte ao Coronavirus.
- **Experimenten un crecemento significativo**, reflectido en cifras de facturación.
- **Presenten unha maior diversificación** das súas vendas, chegando aos mercados internacionais.
- **Incrementen a atracción de financiamento externo**, maximizando a captación de fondos públicos ou privados.

Como **Anexo I** ao convenio, recóllese a descrición das actividades obxecto do mesmo.

## SEGUNDA.- Actuacións a realizar e obrigas da Axencia Galega de Innovación

GAIN asume as seguintes obrigacións:

- Coordinar e executar xunto ao PTG S.A a comunicación e difusión do programa a través dos seguintes medios:
  - Concedendo as autorizacións pertinentes e necesarias para que o PTG S.A utilice o seu logo e o seu nome na publicidade e nos documentos, tanto físicos como virtuais, que se deseñen e editen relacionados co programa
  - Participando na definición conceptual da imaxe, nome e mensaxes chave na comunicación e difusión do programa.
  - Elaborando un plan de comunicación para a correcta difusión da iniciativa entre o ecosistema de potenciais pemes beneficiarias. Dito plan, incorporará tanto as actividades de difusión dixital como outras actividades, incluíndo, pero non limitadas a:

1. Incorporación dunha ligazón de acceso directo desde a súa páxina web corporativa á páxina web da aceleradora de empresas.
2. Difusión a través das suas canles de comunicación corporativa (newsletters e redes sociais) a iniciativa
3. Definición e participación nos talleres ou seminarios de difusión e comunicación da iniciativa
4. Poñendo a dispor dos interesados en participar un técnico para o asesoramento de cara a resolución de dúbidas ou necesidades adicionais dos beneficiarios potenciais no programa

d) Dando acceso as pemes que participen no programa ás redes xestionadas por aquel organismo, tales como redes de mentores, investidores, etc.

II. Xuntamente co PTG S.A participara na execución do programa nas seguintes actuacións:

- a) Elaboración dos pregos técnicos de contratación da consultora.
- b) Participación a través dun responsable de área e un técnico na mesa de contratación da consultora en base os criterios de valoración e asignación do prego técnico anteriormente mencionado.
- c) Definición e elaboración das Bases de convocatoria do programa de aceleración da comercialización de solucións innovadoras para a loita contra impacto da Covid-19..
- d) Como parte do Comité Técnico participará na:
  1. Avaliación, valoración e selección de ata un máximo de 20 empresas beneficiarias do programa emitindo os correspondentes informes de valoración individual de cada un dos solicitantes.

2. Definición do plan formativo de capacitación transversal asociado ao programa, así como na xestión da identificación dos profesionais encargados da súa execución.

3. Avaliación e validación dos contidos específicos de cada unha das sesións formativas de capacitación.

4. Avaliación e validación das follas de ruta de fortalecemento elaboradas para cada peme participante individual, acreditando o seu grado de adaptación á consecución dos obxectivos globais do programa e específicos do beneficiario.

5. Avaliación e validación dos potenciais provedores de servizos definidos nas follas de ruta anteriormente citadas, emitindo informe xustificativo da valoración económica e técnica das ofertas finalmente seleccionadas para cada un dos servizos asignados ao beneficiario.

6. Definición e seguimento dun cadro de mando con indicadores chave da evolución global do programa así como do progreso de cada unha das follas de ruta das pemes participantes.

e) Labores de seguimento do correcto desenvolvemento técnico e económico do programa.

f) Elaboración en base os informes parciais do cadro de mando, dun informe final de execución técnica e resultados acadados ao término do programa, tanto a nivel global como para cada unha das pemes participantes.

III. Participar na Comisión de Seguimento e no Comité Técnico con un mínimo de 2 membros en cada un, sendo un deles un Xefe de área e o outro un técnico.

IV. Achegar os recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio conforme ao previsto na cláusula relativa ao compromiso económico.

V. Cumprir coas obrigacións específicas en materia de información sobre convenios.

VI. Cumprir coas obrigas de publicidade e transparencia previstas na cláusula décimo primeira do presente convenio.

**TERCEIRA.- Actuacións a realizar e obrigas do Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.**

- Participar na Comisión de Seguimento e no Comité Técnico.
- Coordinar a execución do programa, durante o segundo semestre do ano 2020, cunha duración estimada de 6 meses.
- O PTG S.A poñerá a disposición do desenvolvemento do programa de aceleración P.A.C.S.I.C. os medios humanos e materiais precisos así como os espazos e medios técnicos existentes nas súas instalacións que resulten necesarios.
- Como parte do Comité Técnico participará na selección de ata un máximo de 20 empresas beneficiarias do programa.
- Asumir co seu propio persoal as tarefas de coordinación, xestión, seguimento e control para a posta en marcha do Programa, sen prexuízo da coordinación á que se fai referencia no anexo I do presente convenio:
- Asumir co seu propio persoal a organización de xornadas informativas:
  - a) Atendendo á temática relacionada con competencias comerciais de produtos e servizos innovadores e definidas en base ás necesidades transversais e exclusivas para as empresas beneficiarias do programa, organizarase un mínimo de 4 actividades formativas (webinars).
  - b) En aberto (non restrinxido unicamente ás empresas beneficiarias) organizaranse dúas xornadas formativas con formato virtual e carácter eminentemente práctico e temáticas relacionadas con competencias comerciais de produtos e servizos innovadores.
- Presentar previamente á sinatura do convenio os certificados que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

#### **CUARTA.- Compromiso económico**

GAIN compensará ao Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. polos custos xerados con posterioridade á data de sinatura do presente convenio un importe máximo de 574.750,00€; con cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.561A.640.0 dos orzamentos da Axencia Galega de Innovación para o ano 2020.

Para o aboamento do devandito importe o Parque Tecnolóxico de Galicia S.A presentará, nos termos e condicións recollidos a tal efecto no anexo II, as facturas que se indican no citado anexo.

Por outra banda, o PTG, no marco deste convenio, aportará os medios persoais propios e materiais que resulten precisos (espazos e medios técnicos existentes nas súas instalacións) para participar na Comisión de Seguimento e no Comité Técnico, coordinar a execución do programa de aceleración, organizar as xornadas formativas previstas e realizar todas as labores propias de oficina técnica. PTG asumirá uns custes de persoal e custes indirectos que non son obxecto de compensación no Convenio e que se desagregan na memoria económica do convenio.

#### **QUINTA.- Incumprimento das obrigas e compromisos adquiridos polas partes**

No caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, a outra parte poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra, no prazo de 10 días hábiles, coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos.

O dito requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte asinante a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

#### **SEXTA.- Mecanismos de seguimento, vixilancia e control do convenio**

Ao abeiro do presente convenio créase unha Comisión de Seguimento e Coordinación das accións que se recollen no mesmo, e que estará constituída polas seguintes persoas:

Pola Axencia Galega de Innovación:

- O director da Area de Servizos ou persoa en quen delegue.
- Un técnico da Axencia Galega de Innovación.

Pola Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. (PTG):

- O director-xerente da sociedade
- Un técnico de proxectos da sociedade.

A dita Comisión encargárase de:

- Realizar o seguimento das actuacións, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos das partes
- Resolver as dúbidas de interpretación e cumprimento que podan orixinarse respecto do convenio

A Comisión de Seguimento reunirse tantas veces o solicite algún dos seus membros.

No que respecta á súa constitución, funcionamento e adopción de acordos rexerá o disposto na normativa vixente en materia de órganos colexiados contida no Capítulo I do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico.

#### **SÉTIMA.- Comité técnico**

Crearase un Comité Técnico encargado da avaliación e selección das entidades participantes no programa que estará constituído polas seguintes persoas:

Pola Axencia Galega de Innovación:

- O director da Area de Servizos ou persoa en quen delegue.



- Dous técnicos da Axencia Galega de Innovación.

Pola Sociedade Parque Tecnológico de Galicia, S.A. (PTG):

- O director-xerente da sociedade
- Dous técnicos de proxectos da sociedade.

#### **OITAVA.- Réxime de modificación**

Toda alteración nas accións a realizar deberán ser obxecto de autorización por GAIN e formalizárase mediante a correspondente addenda ao presente convenio.

En aplicación do disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións a desenvolver pola PTG ou a ampliación do prazo de execución.

#### **NOVENA.- Vixencia do convenio**

O presente convenio perfecciónase pola prestación do consentimento das partes e a vixencia esténdese desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

#### **DÉCIMA.- Extinción do convenio**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes, sen prexuízo do que se indica na cláusula quinta.
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio.
- A alteración das accións a realizar sen autorización da Axencia Galega de Innovación.
- A suspensión do convenio por parte da Axencia Galega de Innovación por razóns de interese público.
- O acordo unánime entre as partes, formalizado por escrito.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas nas leis.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Publicidade e rexistro de convenios, transparencia e bo goberno**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso por parte do PTG para que a Administración Galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativo ás obrigas específicas en materia de información sobre convenios; e co disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan o rexistro de convenios da Xunta de Galicia, e os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente convenio, non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actuacións obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, á que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- Natureza xurídica Réxime xurídico e controversias**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

As partes comprométense a resolver de mutuo acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación e execución deste convenio, someténdoo á Comisión de Seguimento prevista no mesmo. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso – administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade, asinan o presente Convenio, en duplicado exemplar, no lugar e data indicado na cabeceira do presente documento.

Pola Axencia Galega de Innovación,  
O presidente da Axencia Galega de  
Innovación e Conselleiro de Economía,  
Emprego e Industria.

Pola Sociedade Parque Tecnolóxico de  
Galicia, S.A.  
A conselleira delegada.

Francisco José Conde López

Patricia Argerey Vilar

## ANEXO I

Plan de actividades proposto para a celebración do Programa de Aceleración da comercialización de solucións innovadoras para a loita contra o impacto da COVID-19, en adiante PROGRAMA P.A.C.S.I.C.

O programa levarase a cabo durante o segundo semestre do ano 2020, cunha duración estimada de 6 meses.

O programa ten como obxectivo impulsar e fortalecer o acceso ao mercado de solucións innovadoras do tecido empresarial galego que poidan contribuír a reducir o impacto social e económico provocado pola enfermidade COVID-19.

Trátase dunha iniciativa de aceleración para identificar as capacidades do sistema galego de innovación no eido do Coronavirus, buscando solucións innovadoras para desenvolver de xeito inmediato ou que estean próximas á súa implementación no mercado.

- É unha aceleradora **ESPECIALIZADA** en solucións fronte a Covid19. Co obxectivo de **aproveitar a oportunidade de mercado** e de dar resposta á demanda social e industrial asociada, posicionando o tecido empresarial galego como referente a nivel global.
- É unha aceleradora de **COMERCIALIZACIÓN**. Estas solucións teñen que ter un carácter de **implantación inmediata** no mercado, posto que o que se pretende conseguir é o **fortalecemento da comercialización no mercado no menor tempo posible**.

Estruturándose arredor de tres actuacións principais e unha actuación transversal, onde se levarán a cabo as seguintes actividades/accións:

## Actuación 1. Deseño do Programa

Esta actuación conta coa participación paritaria de GAIN en tódalas súas fases, tal e como se especifica na cláusula segunda do convenio.

1.1. Definición e elaboración dos pregos técnicos de contratación, así como participación na mesa de contratación da consultora que proporcionará :

- Deseño de itinerarios personalizados de aceleración
- Servizo de apoio para a obtención dos recursos necesarios para a implementación dos itinerarios deseñados
- Seguimento e control no despregue das actividades de aceleración
- Mentorización de expertos

1.2. Deseño dos itinerarios personalizados:

- **Innovación aberta e integración de produtos/solucións individuais** en solucións globais fronte ao Coronavirus.

- **Reforzo do posicionamento innovador da compañía** a través de obtención de distintos instrumentos coma: acreditacións de innovación, certificacións referentes as normas e directivas para a loita contra o Covid19, posicionamento competitivo, benchmarking de empresa, posicionamento online entre outros.

- **Comercialización e internacionalización**, a través de ferramentas de venda online, novos métodos de pago ou distribución, acreditacións e homologacións de produto, identificación de mercados potenciais, entre outros.

- **Captación de socios investidores públicos ou privados**, elaboración e promoción do caderno de vendas, potenciando a captación de financiamento accionistas de referencia, investimentos industriais, capital risco, entre outros.

1.3. Definición e elaboración das bases da convocatoria.

## **Actuación 2. Programa de aceleración**

2.1. Lanzamento dunha convocatoria destinada a pemes de calquera sector para dar solucións de valor engadido con algún factor innovador fronte ao Coronavirus, con presenza no mercado (demostrar vendas no 2019 ou 2020) e comercialización inmediata (TRL9) e cun alto potencial de crecemento.

2.2. Selección por parte do Comité Técnico de ata un máximo de 20 empresas beneficiarias do programa.

2.3. Deseño e implementación, por parte de titores expertos coñecedores do ecosistema da innovación galega e o desenvolvemento de negocios, de "Itinerarios Personalizados" deseñados á medida de cada peme beneficiaria, tras a realización de diagnoses internas realizados en conxunto coas empresas.

2.4. Seguimento e control do desenvolvemento dos ditos itinerarios personalizados.

2.5 Acceso das pemes beneficiarias a unha carteira de mentores expertos en diferentes materias para recibir asesoramento específico en algunha cuestión relacionada cos obxectivos xerais da iniciativa

Nesta actuación GAIN fará as labores detalladas na cláusula dúas do presente convenio relacionadas coa correcta execución da comunicación, selección de participantes, definición e validación de follas de ruta e provedores de servizos e seguimento técnico da progresión e obxectivos globais do programa e individuais dos participantes.

## **Actuación 3: Accións de formación e capacitación transversais**

3.1. Atendendo á temática relacionada con competencias comerciais de produtos e servizos innovadores, exclusivas para as empresas beneficiarias do programa e definidas en base ás necesidades transversais organizaranse un mínimo de 4 actividades formativas (webinars)

3.2. En aberto (non restrinxido unicamente ás empresas beneficiarias) organizaranse dúas xornadas formativas con formato virtual e carácter eminentemente práctico e temáticas relacionadas con competencias comerciais de produtos e servizos innovadores.

Posibles xornadas:

- Quen é quen no ecosistema de apoio fronte a COVID19,
- Certificacións e homologacións,
- Aspectos legais e administrativos da comercialización online de produtos,
- Negociación comercial,
- Marketing da innovación para difundir os resultados (produtos e solucións) acadadas contra o COVID19

### **Actuación transversal: Oficina técnica**

1. Execución das labores de Oficina Técnica encamiñadas a realizar as labores de coordinación, xestión, seguimento e control para a posta en marcha e a realización das anteriores actuacións do P.A.C.S.I.C.

GAIN asume xunto a PTG, S.A. a coordinación e execución institucional da comunicación e difusión do programa a través dos seguintes medios:

- a) Concedendo as autorizacións pertinentes e necesarias para que o PTG S.A utilice o seu logo e o seu nome na publicidade e nos documentos, tanto físicos como virtuais, que se deseñen e editen relacionados co programa
- b) Participando na definición conceptual da imaxe, nome e mensaxes chave na comunicación e difusión do programa.
- c) Elaborando un plan de comunicación para a correcta difusión da iniciativa entre o ecosistema de potenciais pemes beneficiarias. Dito plan, incorporará tanto as actividades de difusión dixital como outras actividades, incluíndo, pero non limitadas a:
  1. Incorporación dunha ligazón de acceso directo desde a súa páxina web corporativa á páxina web da aceleradora de empresas.

2. Difusión a través das súas canles de comunicación corporativa (newsletters e redes sociais) a iniciativa
3. Definición e participación nos talleres ou seminarios de difusión e comunicación da iniciativa
4. Poñendo a dispor dos interesados en participar un técnico para o asesoramento de cara a resolución de dúbidas ou necesidades adicionais dos beneficiarios potenciais no programa

d) Dando acceso as pemes que participen no programa ás redes xestionadas por aquel organismo, tales como redes de mentores, investidores, etc.

2. PTG, S.A. e GAIN coordinaranse para a realización das ditas tarefas e porán á disposición os recursos necesarios para o seu cumprimento.



## ANEXO II

### DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR PARTE DO PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A.

O Parque Tecnolóxico de Galicia deberá presentar, para o pago das cantidades previstas na cláusula cuarta relativa ao compromiso económico, a seguinte documentación:

- NIF da entidade.
- Certificado bancario de titularidade.
- Certificacións actualizadas que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, de ser o caso.
- Factura ou facturas por un total de 574.750€ (IVE incluído), polos seguintes importes máximos:
  1. Antes do 31/10/2020: 287.375 €
  2. Antes do 12/12/2020: o importe restante ata un total de 574.750€

Cada unha das facturas presentadas deberá acompañarse dunha memoria de actividades na que se recolla a descrición das tarefas realizadas.

Coa primeira factura presentarase unha memoria de actividades co seguinte contido:

- Número de entidades presentadas e tipoloxía das mesmas
- Valoración técnica das pemes seleccionadas
- Definición dos itinerarios personalizados para cada un dos participantes e servizos incluídos no desenvolvemento dos mesmos.
- Comprobación da asistencia efectiva as actividades de capacitación realizadas ata a data.
- Persoal participante na iniciativa por cada unha das empresas seleccionadas.

En todo caso, para o pagamento da primeira factura deberá acreditarse a finalización da actuación 1 “Deseño do programa”, ter avanzada a realización de actividades dentro da actuación 2 “Programa de aceleración” (tendo polo menos comezada a execución da fase 2.3. “Deseño e implementación dos

itinerarios”), así como a realización dalgunha das actividades contempladas na acción 3. “Accións de formación e capacitación transversal”.

Coa segunda factura presentárase unha memoria final do resumo de actividades do programa, acreditándose así a finalización de todas as actuacións contempladas no programa.

Cada factura tamén se acompañará dunha memoria económica na que conste a relación clasificada dos gastos e investimentos, con identificación do acredor e do documento, importe, data de emisión e data de pago. No caso de custos de recursos propios xustificárase cunha declaración das imputacións destes recursos á actividade correspondente asinada polo responsable de PTG.

Na memoria final das actividades desenvolvidas constará a repercusión do programa nos medios de comunicación, os resultados e alcance de todas as actuacións e o expediente completo de cada empresa beneficiaria que participara na convocatoria co detalle da execución do seu itinerario.

Ao abeiro do establecido na Orde do 26 de febreiro de 2015 pola que se regulan o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia, as facturas deberán presentarse a través do Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia (SEF) como Punto xeral de entrada das facturas electrónicas.